

TRABALLO DAS MASCULINIDADES IGUALITARIAS COS ALUMNOS DE 4º DA ESO

Obradoiro: CÍRCULO DE HOMES

- Duración: 150 min. Tres sesións consecutivas.
 - Datás: 4ºC+D: 11/04/18, 4ºA: 16/04/18, 4ºB: 17 /04/18
 - Metodoloxía: Activa e participativa. Empréganse, xogos, dinámicas e traballo corporal.
 - Contidos: Análise acitudinal dos modelos masculinos na adolescencia e propostas de cambio. Coidar, ser coidado e autocoidados.
 - Obxectivos:
 - Promover outros modelos mais igualitarios de vivir a masculinidade adaptados ao momento biopsicosocial do alumnado.
 - Desbotar os mitos da masculinidade dominante.
 - Analizar como o sexismo repercute negativamente nas nosas vidas.
 - Aprender a coidar e ser coidado.
 - Alumnado: Mozos de 4º da ESO
 - Docente: José Expósito Alcocer é licenciado en bioloxía e axente de Igualdade de oportunidades. Foi socio fundador de Lilith Acción Social e Educativa onde desenvolveu proxectos sociais desde o enfoque de xénero. Tamén é autor de diversas ponencias e guías metodolóxicas e é responsable da elaboración de varios planes de igualdade en concellos de Galicia.
- No marco da cooperación internacional ten traballado como formador no Instituto para a Igualdade de Xénero de Cabo Verde no ámbito do aforalamento institucional. Na actualidade forma parte do grupo de homes pola igualdade micromachiños en Compostela.